# Reto Lector

EDITORIAL GALAXIA

» PARA RAPACES E RAPAZAS DE ENTRE 12 E 16 ANOS

» 1 VÍDEO DE 2 MINUTOS COMENTANDO 1 LIBRO DA EDITORIAL GALAXIA

» 1 IPAD DE ÚLTIMA XERACIÓN E 5 LOTES DE LIBROS

Cun formato novidoso onde os rapaces se converten en vloggers (video bloggers) literarios, o Reto Lector introduce os máis novos no mundo dos libros propoñéndolles aos participantes que tiren rendemento das ferramentas dixitais, ao tempo que desenvolven o seu sentido crítico, melloran a súa competencia oral e aprenden a ver na literatura unha canle de comunicación.

SÍGUENOS

@falamos.delibros

@EdGalaxia

@galaxiaeditorial

www.editorialgalaxia.gal

D.L. VG 692-2018

EDITORIAL GALAXIA

# LER O MUNDO

- DIVERSIDADE SOCIAL
- HISTORIA
- NOVAS TECNOLOXÍAS
- FEMINISMO
- MÚSICA
- CIENCIA

É a programación onde se reúnen as campañas de **promoción da lectura** entre a mocidade deseñadas pola Editorial Galaxia.

LER O MUNDO

Todas elas pensadas **para tender pontes entre a literatura e o mundo** que nos rodea.

Para potenciar as **inquedanzas das rapazas e dos rapaces,** sexan científicas, artísticas ou sociais.

## OS NENOS DA VARIOLA

### CONVERSAS ENTRE CIENCIA E LITERATURA





© Cris Andina

CSIC

María Solar, escritora e xornalista, Marta López, científica titular do grupo de Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, e Luisa Martínez, membro da Unidade de Cultura Científica do CSIC en Galicia, protagonizan estas charlas onde se reflexiona sobre o papel da ciencia no noso día a día, mais tamén na historia. A través de OS NENOS DA VARÍOLA e o seu relato da "Real Expedición Filantrópica da Vacina" que levou a cura da varíola a América, os fitos dos libros de texto cobran vida diante dos ollos dos estudantes.

## O XARDINEIRO DOS INGLESES

### SOBRE A HISTORIA MENOS COÑECIDA DE GALICIA





© Anxo Cabada

O escritor Marcos Calveiro e a historiadora e feminista Encarna Otero discuten sobre a historia de Galicia no século XX a partir da lectura de O XARDINEIRO DOS INGLESES, a novela coa que Calveiro gañou o Premio García Barros 2017. A través da vila de Vilagarcía, imos percorrendo a historia coñecida e descoñecida do pasado século, prestando especial atención ao papel clave do noso país tanto na Guerra Civil como na II Guerra Mundial e facendo fincapé no papel silenciado das mulleres en ambas as contendas.

## BONUS TRACK

### PROPOSTA INTERDISCIPLINAR





© Bocixa

BONUS TRACK é un libro escrito con dedos de DJ: virando o establecido con xiros artísticos e invadindo de música a literatura. Nestes encontros co alumnado, Rosalía Fernández Rial protagoniza unha performance onde a canción e a literatura, feitas corpo, se dan a man. Unha proposta interdisciplinar que conta coa axuda de músicos en directo e colaboracións audiovisuais. Unha acción que mestura xéneros e perspectivas diferentes para invitar os espectadores a gozar do feito artístico desde unha óptica aberta e viva!
Bailas con nós?

## IRIDIUM

### VISIBILIZAR E NORMALIZAR A DIVERSIDADE





© Anxo Cabada

FEGADACE Alento

Organizados en colaboración coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) e a Asociación de Dano Cerebral Alento, os encontros arredor de IRIDIUM, a última novela de Francisco Castro, contan coa intervención da neuropsicóloga Amparo Rodicio. Visibilizar as causas e as consecuencias do dano cerebral adquirido e normalizar o dereito das persoas que o padecen son os obxectivos dun encontro onde descubrimos o poder deformador das etiquetas e a mirada dos demais. E tamén que todas e todos amamos, rimos e gozamos por igual.